



CASA DE ROSALÍA

BACHELARATO | GUÍA DIDÁCTICA PARA O PROFESORADO

Tedes na man a Guía didáctica para o profesorado de bacharelato sobre Rosalía de Castro partindo dunha visita á súa Casa, un traballo pensado inicialmente para educadoras e educadores no que se poden atopar materiais para dar a coñecer a nosa escritora máis universal adaptados, neste caso, ao alumnado deste nivel.

Os materiais están pensados para seren utilizados no seu conxunto mais tamén de xeito independente de maneira que cada docente poida botar man daqueles que mellor se adapten ao seu alumnado e ao tempo dispoñible. De todos os xeitos, recoméndase un traballo en aula mínimo (1 sesión lectiva) antes e despois da visita.

Este material non pretende suplir o material didáctico propio do nivel mais si achegar

unha visión máis global e menos academicista de Rosalía de Castro. En bacharelato preténdese que o alumnado, ademais de se achegar á figura de Rosalía de Castro dun xeito emocional, adquira consciencia do valor cultural e tamén do valor patrimonial tanto da casa que vai visitar como dos obxectos nela contidos con especial atención a aqueles relacionados co ámbito literario. Especial atención terá tamén para nós o desenvolvemento dun espírito crítico do alumnado seguindo o exemplo da autora.

Esta guía parte da necesidade da Fundación Rosalía de contarmos con material didáctico. Para a súa elaboración contactamos con Pilar Ponte (A Profa), que é a autora da mesma.

Obxectivos

Entre os principais obxectivos que se agardan da utilización deste material e da visita á casa-museo podemos sinalar:

- **Afondar no coñecemento da figura da fundadora das nosas letras tanto no seu aspecto literario como na súa evolución persoal.**
- **Coñecer e interpretar as súas obras principais e os seus trazos característicos.**
- **Recoñecer a admiración que por ela tiveron persoas de todos os tempos.**
- **Vivir a Casa de Rosalía como a súa casa, a casa na que todos os galegos son ben recibidos.**

Queremos que as profesoras e profesores de bacharelato teñan como un obxectivo o perfeccionamento no dominio da análise da obra rosaliana e unha **comprensión global do que Rosalía significou e da excepcionalidade que supón unha figura como Rosalía para un corpus literario.**

Esta intervención didáctica non ten a intención de suplir o material académico senón de ser un complemento que axude a achegar a Rosalía tamén a través dun coñecemento directo do patrimonio material.

1. Materiais que se ofrecen

1.1. Guía de visita para o profesorado de bacharelato

Este material está pensado para acompañar a visita didáctica do alumnado á Casa de Rosalía e considérase necesario ou, cando menos conveniente, a dedicación dun tempo de aula antes e despois da visita.

1.1.1. Rosalía de Castro. A Rosalía feminista

Esta presentación será o documento base da guía. Estrutúrase do seguinte xeito:

- Rosalía de Castro
 - A vida dunha muller singular
 - A casa de Rosalía
 - A obra rosaliana
 - Liña do tempo (con información emerxente en cada texto) para viaxar pola obra de Rosalía de Castro
 - *Cantares gallegos* (1863)
 - *Follas Novas* (1880)
 - Os escritos feministas

- Rosalía total
 - Rosalía do pobo
 - Rosalía dos oprimidos
 - Rosalía existencial
 - Rosalía feminista - A xustiza pola man
 - O poema
 - A xustiza fronte ao dereito. Unha lectura mediada.
 - Un poema feito himno
 - A recreación
 - A tres bandas
 - E agora ti... A reflexión social
- Rosalía mito
- E ti canto sabes de Rosalía? (xogo)
- Acerta con Rosalía (xogo)
- 8 palabras relacionadas con Rosalía
- Saberías ordenar as obras de Rosalía? (xogo)
- + Rosalía (outros recursos na rede sobre a autora)

1.1.2. Visitamos a Casa de Rosalía (guía do alumnado)

A guía do alumnado está pensada como un documento de traballo que lle permita ao alumnado o seguimento da presentación.

1.1.3. Oito Palabras relacionadas con Rosalía de Castro (xogo)

Xogo tipo sopa de letras dixital no cal o alumnado deberá ir adiviñando mediante pistas aspectos relacionados coa vida e coa obra de Rosalía.

1.1.4. E ti canto sabes de Rosalía de Castro? Bacharelato (xogo)

Xogo tipo quiz dixital con cinco cuestións que requirirán ter lido os textos máis significativos de Rosalía para contestar acertadamente.

1.1.5. Rosalía de Castro. Saberías ordenar as obras de Rosalía? (xogo)

Xogo dixital en que o alumnado deberá ir asociando os diferentes textos de Rosalía aos seus anos de publicación.

Materiais que se ofrecen [CONTINÚA]

1.1.6. Rosalía de Castro. Acerta con Rosalía (xogo)

Xogo dixital en que o alumnado deberá ir decidindo se as afirmacións que se ofrecen sobre ela e a súa obra son certas ou falsas.

1.1.7. Escolma de material didáctico complementario sobre a autora e a súa época

MATERIAIS DA CASA DE ROSALÍA

- [As Tres Rosalías](#). Texto de Pepe Barro sobre as principais imaxes de Rosalía.
- [De Cantares Hoxe](#). 36 poetas recrean os poemas de ‘Cantares Gallegos’ nun proxecto editado pola Fundación Rosalía de Castro e a Radio Galega.
- [O deseño de Portela que mudou a imaxe de Rosalía](#). Estudo de Lois Rodríguez sobre un dos retratos máis difundidos da iconografía rosaliana –do que se descoñecía autoría, data de creación e técnica– onde consegue demostrar que esta

imaxe é un debuxo, probablemente a carbón, deseñado por Antonio Portela Paradela no ano 1902 en Madrid.

- [Rosalía en Camiño 2019](#). Publicación da primeira edición dos Diálogos Literarios Multilingües, Rosalía en Camiño, na que os poetas e as poetas participantes achéganos algúns textos de traballos anteriores e outros creados expresamente para a ocasión, nos que dialogan con poemas, imaxes ou conceptos rosalianos
- [Rosalía en Camiño 2021](#). Publicación da segunda edición dos Diálogos Literarios Multilingües, Rosalía en Camiño, na que os poetas e as poetas participantes achéganos algúns textos de traballos anteriores e outros creados expresamente para a ocasión, nos que dialogan con poemas, imaxes ou conceptos rosalianos.
- [Unha primeira edición de ‘Cantares Gallegos’ con fotografía,](#)

[autógrafo e carta de Rosalía](#).

Estudo de Anxo Angueira sobre o exemplar da primeira edición de ‘Cantares’ atopado en 2013 en Vigo, xunto cunha fotografía, un autógrafo e unha carta de Rosalía.

MÚSICA

- [Rosalía de Castro – A Casa de Rosalía de Castro](#) – Playlist en Spotify. (+ 270 Temas, + 16 horas de música)
- [Rosalía musicada](#) – Compilación de vídeos en YouTube (+ 150 vídeos)

CINE E TELEVISIÓN

- [Contou Rosalía](#). Película completa en Facebook.
- [La Mitad Invisible. Negra sombra: Rosalía de Castro](#). 2013.
- [Rosalía de Castro Capítulo 1](#). RTVE.

Materiais que se ofrecen [CONTINUÍA]

- [Rosalía de Castro Capítulo 2.](#)
RTVE
- [Rosalía de Castro, feminista en la sombra - Mujeres en la historia.](#)
RTVE. 2013.

CONFERENCIAS E OUTROS MATERIAIS SOBRE ROSALÍA

- [126 anos sen Rosalía de Castro.](#)
Pilar García Negro e Teresa Devesa. 2011.
- [A contemporaneidade de Rosalía en Cantares gallegos.](#) Anxo Angueira. 2013.
- [A evolución política/intelectual do matrimonio Murguía-Castro, desde os anos sesenta aos anos oitenta do século XIX. Congreso Rosalía de Castro no s. XXI. Unha nova ollada.](#) Xosé Ramón Barreiro Fernández, catedrático emérito da USC e numerario da RAG. Retrucante: Catherine Davies, catedrática de Estudos Hispánicos e Latinoamericanos da University of Nottingham. (2013)
- [A obra de Rosalía: como convencer os galegos do que somos.](#) Congreso Rosalía de Castro no s. XXI. Unha nova ollada. Francisco Rodríguez. 2013.
- [As imaxes de Rosalía. As imaxes en Rosalía. Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada.](#) Helena Miguélez, Arantxa Serantes e Fernando Pereira Bueno. Modera: Marta Pérez Pereiro. 2013.
- [Avances na investigación da biografía rosaliana.](#) Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda e María do Cebreiro Rábade. 2013.
- [Cantares gallegos, novas perspectivas de análise.](#) Anxo Angueira, María López Sández, Helena González e Álex Alonso. 2017.
- [Cara a unha interpretación global de Rosalía.](#) 2013.
- [Cara a unha interpretación global de Rosalía: hermenéutica, fontes de edición.](#) 2013.
- [Congreso Rosalía de Castro no s. XXI. Unha nova ollada.](#) 2013.
- [Gótico e romantismo alemán en Rosalía.](#) 2013.
- [Modelos estéticos da obra rosaliana no contexto europeo. Javier Gómez-Montero e Arturo Leyte.](#) 2013.
- [O paradigma autorial de Rosalía de Castro: unha denominación de orixe. Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada.](#) Pilar García Negro. 2013.
- [Olhos dentro de espelhos. Rosalía de Castro e Cecília Meireles - um diálogo.](#) Carmen Lúcia Negreiros de Figueiredo. 2009.
- [Pelegrinaxe lírica a lugares rosalianos.](#) Galicia. 1951.
- [“Pra A Habana”. Recital de Amancio Prada](#) no salón de actos da Real Academia Galega o día 24 de Febreiro do 2016, co gallo do día de Rosalía

Materiais que se ofrecen [CONTINUÍA]

- [Rosalía ante os discursos científicos e as novidades tecnolóxicas.](#) 2013.
- [Rosalía á luz do pensamento feminista.](#) Congreso Rosalía de Castro no s. XXI. Unha nova ollada. M^a Xosé Agra Romero, Carmen Blanco, María Reimóndez e M.^a Xesús Nogueira. 2013.
- [Rosalía á luz dos novos paradigmas críticos.](#) 2017.
- [Rosalía de Castro: a súa vida e a súa literatura.](#) Mesa redonda: Luis Alberto de Cuenca, Mariña Mayoral, Carlos Reigosa. Modera: Ángel Basanta
- [Rosalía de Castro: Ahí va la loca soñando](#) - Rosa Villada Casaponsa. 2019.
- [Rosalía de Castro: angustia e infinito](#) - María do Cebreiro Rábade. 2016.
- [Rosalía de Castro. Ciclo no Instituto Cervantes.](#) 2013.
- [Rosalía de Castro e América. Congreso Rosalía de Castro no s. XXI. Unha nova ollada.](#) Catherine Davies, catedrática de Estudos Hispánicos e Latinoamericanos da University of Nottingham. 2013.
- [Rosalía de Castro e a poesía española contemporánea.](#) Luis García Montero. 2013.
- [Rosalía de Castro e a poesía galega contemporánea.](#) Arcadio López Casanova. 2013.
- [Rosalía de Castro. En busca da biografía perdida: narración, verdade e tabú](#) - María Xesús Lama López . II Coloquio Internacional, Estudos Literarios en Vigo. 2017
- [Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria.](#) Presentación do libro de Francisco Rodríguez. Barakaldo. 2012
- [Rosalía de Castro. O mundo editorial da época.](#) Congreso Rosalía de Castro no s. XXI. Unha nova ollada. 2013.
- [Rosalía de Castro: Un canto a Galicia \(Parte 1\)](#) - Salomé González Portela. 2010. [Rosalía de Castro: Un canto a Galicia \(Parte 2\)](#) - Salomé González Portela. 2010.
- [Rosalía de Castro: una visión femenina de la nostalgia y la pasión](#) - Francisco Peña Martín.
- [Rosalía e o canon literario do seu tempo.](#) Congreso Rosalía de Castro no s. XXI. Unha nova ollada. M.^a Xesús Lama López, José Manuel González Herrán e Fernando Cabo Aseguinolaza. Moderadora: Olivia Rodríguez González. 2013.
- [Rosalía e os emigrantes galegos, 1880-1970: da polisemia do mito na diáspora.](#) Xosé M. Núñez Seixas e Afonso Vázquez-Monxardín.
- [Rosalía no contexto internacional. A proxección exterior.](#) Congreso Rosalía de Castro no s. XXI. Unha nova ollada. Mesa redonda. 2013

Materiais que se ofrecen [CONTINUÍA]

- [Usos e ideas sobre a lingua na obra de Rosalía](#). Congreso Rosalía de Castro no s. XXI. Unha nova ollada. Mesa redonda. 2013.

PROPOSTAS DIDÁCTICAS SOBRE OU A PARTIR DE ROSALÍA

- [#RosalíaTaménÉNosa](#) Lista de reprodución dos videopoemas realizados no IES do Milladoiro sobre os textos de Rosalía.
- [150 Cantares para Rosalía de Castro](#). Coordinación: Suso Díaz. Libro dixital en homenaxe a Rosalía de Castro, editado por Suso Díaz, que reúne 150 poemas de escritores galegos inspirados noutras tantas estrofas de Cantares gallegos.
- [Anxo Angueira explica “Alborada” de Cantares gallegos](#).
- [Aulas Galegas - Proposta didáctica da AELG para o Día de Rosalía 2021](#)

- [Autodefinido para o Día de Rosalía](#). Carlos Medrano en Aulas Galegas.
- [Escolma poética de Rosalía de Castro](#). Selección. Factoría K. Imaxes Belén Padrón.
- [Manifesto do Día de Rosalía 2021](#). Anna R. Figueiredo.
- [María do Cebreiro explica o poema 19 de Cantares gallegos](#) (Pasa, río, pasa, río...).
- [Maria Lopez Sandez explica “Campanas de Bastavales” de Cantares gallegos](#)
- [Mulleres nas letras: De onte a hoxe. Rosalía de Castro](#). Vídeo con xogo da Deputación Provincial da Coruña.
- [Rosalía de Castro na Biblioteca Virtual Galega](#).
- [Rosalía de Castro na Galipedia](#).
- [Rosalía de Castro en Cervantes Virtual](#).
- [Setestrelo. Volvendo a Rosalía](#).

- [Takedinorum de Cantarte hei, Galicia” de Cantares gallegos-](#) Secuencia didáctica para realizar mediante percusión corporal a primeira parte da composición “Cantarte hei, Galicia”. (a partir de 3º de ESO)

PRESENTACIÓNS

- [24 de Febreiro Día de Rosalía de Castro](#) – Genially de @burbullas_de_pt

VÍDEOS

- [Alumnado de Infantil e Primaria do CPI Antonio Faílde fala sobre Rosalía](#)
- [Eu son libre. Rosalía de Castro para nenos de infantil e primaria](#) (Biografía realizada por alumnado de 1º e 2º de primaria do CEIP Juan Rey)
- [Os Bolechas - As miñas primeiras Letras Galegas: Rosalía de Castro](#)

Materiais que se ofrecen [CONTINÚA]

- [Día de Rosalía](#) - Vídeo do CEIP Plurilingüe Bragade de Cesuras
- [Rapazas e rapaces de 4º de Infantil recitan Vendéronlle os bois...](#)

MÚSICA

- [Listaxe de reprodución do disco Rosalía pequena de Uxía](#)
- [Rosalía pequena](#) – Uxía

XOGOS

- [“Adiós ríos, adiós fontes”. Aulas Galegas, xogo de observación tipo “Dobble”](#) para traballar o vocabulario do poema realizado por Rocío Fernández.

2. Contexto curricular para a etapa de bacharelato

Esta proposta didáctica adáptase ao novo currículo do bacharelato feito público no Proxecto do Decreto 243/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia

2.1. Obxectivos da etapa

O material aquí presentado relaciónase cos seguintes obxectivos da etapa de bacharelato:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
- b) Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- e) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- f) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- g) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Contexto curricular para a etapa de bacharelato [CONTINÚA]

2.2. Currículo de Lingua Galega e Literatura

Dentro do currículo propio da materia de Lingua Galega e Literatura I sitúase no ámbito de desenvolvemento do terceiro bloque.

O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle os saberes e experiencias necesarios para a consolidación do hábito lector e a conformación da propia identidade lectora, o desenvolvemento de habilidades de interpretación de textos literarios, a expresión de valoracións argumentadas sobre eles e o coñecemento da evolución, configuración e interrelación entre textos a través da lectura en profundidade dalgúns obras relevantes da literatura galega e tamén da lusófona.

Está vinculado co **obxectivo 8**:

OBX 8. Ler, interpretar e valorar obras relevantes do patrimonio galego, lusófono e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos

entre textos diversos, para conformar un mapa cultural, para alargar as posibilidades de gozo da literatura e para crear textos de intención literaria.

2.3. Criterios de avaliación

Relaciónase máis concretamente, cos seguintes criterios de avaliación:

CA 3.3. Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes da literatura clásica e contemporánea e deixar constancia do progreso do itinerario lector e cultural persoal mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.

CA 3.4. Partillar a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais.

CA 3.5. Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas mediante a análise das

relacións internas OBX8 dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.

CA 3.6. Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre os clásicos da literatura ga- lega —e tamén da lusófona— obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas clásicas ou contemporáneas, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.

CA 3.7. Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos

Contexto curricular para a etapa de bacharelato [CONTINÚA]

en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. E o seguinte contido:

- Lectura guiada de clásicos da literatura galega desde a Idade Media ata a época das Irmandades, inscritos en itinerarios temáticos ou de xénero. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversacións literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.



CASA DE ROSALÍA

A Matanza, s/n.
Padrón

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO

APOIA:



Deputación
DA CORUÑA